

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27006531	IES Lucus Augusti	Lugo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A materia Empresa e Deseño de Modelos de Negocio trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da Economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. A empresa é un axente esencial da actividade económica, que está presente de forma cotiá nos medios de comunicación, e forma parte da vida dunha grande maioría dos fogares.

O mundo empresarial está presente a diario nos medios, formando parte da vida de millóns de persoas e repercutindo en todos os fogares. O coñecemento da empresa é un paso esencial para comprender o funcionamento global da economía, debido á interrelación que existe entre a empresa e o contexto no que desenvolve a súa actividade. A materia de Deseño de Modelos de Negocios e Negocios ten como finalidade que os estudantes comprendan e analicen como responden as empresas aos retos aos que se enfrontan no presente, utilizando un enfoque actualizado e, sobre todo, adaptado á realidade, onde o factor clave da súa actividade reside na innovación, xa que esta é, en moitos casos, o elemento determinante da súa supervivencia. Esta materia de modalidade, integrada no segundo curso do bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, persegue dous obxectivos: por unha banda, achegar ao alumnado ao coñecemento da empresa como catalizador do desenvolvemento económico, destacando o a innovación como aspecto fundamental da actividade empresarial, e os seus propios valores de responsabilidade social corporativa e, por outra, fomentar unha cultura emprendedora que potencie a creatividade, o espírito de innovación, a reflexión crítica e a toma de decisións. decisións fundamentais que permitan deseñar unha proposta de modelo de negocio e analizar a súa viabilidade.

O coñecemento da empresa constitúe un paso esencial para entender o funcionamento global de Economía. A materia pretende a reflexión sobre como responden as empresas aos desafíos actuais que se lles presentan, onde o factor clave da súa actividade reside na innovación.

Esta materia de modalidade está integrada no segundo curso do bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, e pretende, por unha banda, o coñecemento da empresa como axente fundamental no desenvolvemento económico, tendo en conta os valores propios da responsabilidade social corporativa e, pola outra, o fomento dunha cultura empresarial onde o alumnado medre en creatividade e espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e toma de decisións fundamentadas que permitan deseñar unha proposta de modelo de negocio e analizar a súa viabilidade.

O Decreto 157/2022 constitúe a base da programación do curso, e reparte os criterios de avaliación e contidos en 4 bloques que contribuirán á consecución dos obxectivos:

1. A empresa e a súa contorna: que se centra en coñecer a orixe dun proxecto empresarial nunha contorna cambiante e a importancia da innovación como factor clave de supervivencia.
2. O modelo de negocio e de xestión: analiza as diferentes áreas funcionais da empresa que constitúen a base de calquera modelo de negocio.
3. Ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión: ofrécelle ao alumnado exemplos actuais de modelos de negocio inspiradores para novas propostas e as ferramentas creativas e innovadoras que poden ser aplicadas nas diferentes fases do proceso.
4. Estratexia empresarial e métodos de análise da realidade empresarial: estudo de casos e simulación: está realcionado coas ferramentas que permiten analizar a viabilidade do proxecto.

A empresa ten un significado social, crea emprego, canaliza a renda e, por conseguinte, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial debe estar guiado pola responsabilidade social corporativa e adaptada á realidade actual.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 2º de Bacharelato do IES LUCUS AUGUSTI de Lugo, que cursa a materia de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio. A maior parte do grupo cursa, simultaneamente, Empresa e Deseño de Modelos de Negocio e Matemáticas Aplicadas ás CC SS II, feito que resulta útil atendendo ao carácter instrumental das Matemáticas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar a actividade empresarial e emprendedora, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización neste proceso, para comprender o papel que desempeñan dentro do funcionamento global da economía actual.	2			2-5	12-40	1	1-2	
OBX2 - Investigar o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial, analizando as interrelacións empresas-contexto e identificando estratexias viables que partan dos criterios de responsabilidade social corporativa, da igualdade e a inclusión, para valorar a capacidade de adaptación das empresas.	2-3		4	1	20-50	4	1	
OBX3 - Recoñecer e comprender modelos de negocio actuais comparándoos con outros tradicionais, aplicando estratexias e ferramentas que faciliten o deseño creativo e propoñendo modelos de negocio que, achegando valor, permitan satisfacer necesidades e contribuír ao benestar económico e social.	2-3		2-4		40	3	1	
OBX4 - Valorar e seleccionar estratexias comunicativas de aplicación ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas e obtendo a información que se xera tanto no ámbito interno como externo da empresa, para xestionar eficazmente a información necesaria no proceso de toma de decisións e a súa correcta transmisión.	1-3	1-2		3	40		2	
OBX5 - Realizar a análise previsional do modelo de negocio deseñado, aplicando as ferramentas de análise empresarial necesarias para comprender o proceso levado a cabo e validar a proposta presentada.				2-3	11-50		1-2-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Emprendedor e innovación	O emprendedor: características e tipos. O empresario: diferencias entre emprendedor e empresario. A importancia do emprendemento e actividade empresarial. Mujer e emprendemento. Innovación na empresa: tipos de innovación, Teorías da innovación e Estratexias de innovación. Dixitalización e tendencias emerxentes. Investigación, desenvolvemento e innovación I+D+i	5	6	X		
2	As características das empresas	Concepto de empresa: elementos, funcións e obxectivos. A cadea de valor. Criterios de clasificación das empresas. Marco xurídico que regula a actividade empresarial. Características das principais formas xurídicas.	5	6	X		
3	A idea e o modelo de negocio	Modelos de negocio tradicionais e novos modelos de negocio. A idea de negocio. A creatividade. Técnicas para generar ideas de negocio. Técnicas para organizar ideas de negocio. Visual thinking o pensamento visual. O lienzo do modelo de negocio: modelo canvas.	5	6	X		
4	O entorno e as decisións empresariais	Características do contexto empresarial. Estratexias empresariais. Responsabilidade social corporativa. Entorno. Análise DAFO. Estratexias competitivas. Localización e dimensión. Responsabilidade social	5	6	X		
5	A validación da idea e do modelo de negocio.	Metodoloxía lean start-up. Desenvolvemento de clientes. Análise do comportamento do consumidor. Investigación e segmentación de mercados. Mapa de empatía. O prototipado. El storytelling. A protección do modelo de negocio.	5	6	X		
6	O marketing	O marketing: que é, análise DAFO. O marketing mix. O produto. O precio. A promoción ou comunicación. A distribución. As novas tecnoloxías e o marketing..	9	10		X	
7	A produción da empresa	O proceso de produción. Asignación de recursos produtivos: eficiencia. Productividade. Custos de produción. Os ingresos e o beneficio. O limiar de rendabilidade. Punto morto..	10	12		X	
8	A función financeira e de investimento.	Fontes de financiamento. Concepto de investimento e tipos. Elementos dun proxecto de investimento. Valoración e selección de proxectos de investimento.	13	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	A contabilidade	Obrigacións contables. O patrimonio da empresa. Masas patrimoniais. Elementos patrimoniais. Balance de situación.. A conta de perdas e ganancias.	14	15		X	
10	A información na empresa e a fiscalidade empresarial.	O patrimonio da empresa. As contas anuais e a imaxe fiel. Análise dos estados financeiros. Fiscalidade empresarial. Obrigas contables.	9	10			X
11	A xestión dos recursos humanos.	Características organizativas e funcionais da empresa. Selección de persoal. Marco legal das relacións laborais.	10	12			X
12	Simulación dun modelo e plan de negocio.	Contexto do modelo de negocio. Análise DAF	10	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Emprendedor e innovación	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a importancia da actividade empresarial e o emprendemento na economía actual, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización.	Identificar de xeito escrito polo menos, un 50 por cento das localizacións propostas.	PE	100
CA1.2 - Analizar o papel da I+D+i no desenvolvemento social e empresarial, identificando novas tendencias e tecnoloxías que teñen un alto impacto na economía.	Identificar de xeito escrito polo menos, un 50 por cento das localizacións propostas.		
CA1.3 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas aos cambios do contexto e ás exixencias do mercado, investigando o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial.	Identificar de xeito escrito polo menos, un 50 por cento das localizacións propostas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O contexto empresarial. Responsabilidade social corporativa. Muller e emprendemento. Inclusión e emprendemento.
- A empresa, dixitalización e innovación. I+D+i. Teorías da innovación. Tipos de innovación. Tendencias emerxentes. Estratexias de innovación.

UD	Título da UD	Duración
2	As características das empresas	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Coñecer os distintos tipos de empresa, os seus elementos e funcións, así como as formas xurídicas que adoptan relacionando cada unha delas coa responsabilidade legal dos seus propietarios e xestores e coas exixencias de capital.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.	PE	100
CA2.3 - Analizar as características organizativas e funcionais da empresa, explicando, a partir delas, as decisións de planificación, xestión e optimización de actividades, recursos e asociacións clave dun modelo de negocio innovador.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O empresario ou a empresa. Perfís. - A empresa. Clasificación. Localización e dimensión da empresa. Marco xurídico que regula a actividade empresarial. - Empresa e modelo de negocio.

UD	Título da UD	Duración
3	A idea e o modelo de negocio	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Comprender o concepto de modelo de negocio como unha forma de lles dar resposta ás necesidades actuais, comparando distintos modelos, desde os máis tradicionais aos máis innovadores.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.	PE	100
CA3.1 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas ás exixencias do mercado, explorando ideas, escenarios futuros e novos padróns e modelos de negocio.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.		
CA3.2 - Coñecer as distintas estratexias e ferramentas de deseño creativo, aplicando estas á xeración dun modelo de negocio transformador que permita dar resposta ás necesidades actuais.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Empresa e modelo de negocio. - A función comercial. Segmento de clientes. A proposta de valor. Canles. Relacións con clientes. Fontes de ingresos. Estratexias de márketing. - O lenzo de modelo de negocio e de xestión: concepto, áreas, bloques, utilidade e padróns de modelos de negocio. - A creatividade aplicada ao deseño do modelo de negocio e de xestión. O proceso de creatividade: diverxencia e converxencia. Dinámicas de xeración de novas ideas de modelos de negocio. - As ferramentas de organización de ideas: Pensamento visual ou Visual Thinking. Capacidade de síntese. Ideación. Comunicación. - Os escenarios: exploración de ideas, escenarios futuros e novos modelos de negocio. - Outras ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión.

UD	Título da UD	Duración
4	O entorno e as decisións empresariais	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar e analizar as características do contexto no que a empresa desenvolve a súa actividade, explicando, a partir destas, as distintas estratexias e decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e medioambientais da súa actividade.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.	PE	100
CA4.1 - Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia, comprendendo todo o proceso levado a cabo e aplicando técnicas de	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A empresa. Clasificación. Localización e dimensión da empresa. Marco xurídico que regula a actividade empresarial. - O contexto empresarial. Responsabilidade social corporativa. Muller e emprendemento. Inclusión e emprendemento. - O contexto do modelo de negocio. Previsión: tendencias clave. Macroeconomía: variables macroeconómicas. Competencia: forzas competitivas. - A avaliación previa de modelos de negocio: análise DAFO, análise previsional de ingresos e custos e o limiar de rendibilidade.

UD	Título da UD	Duración
5	A validación da idea e do modelo de negocio.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Analizar as características do mercado, explicando, de acordo con elas, a proposta de valor, canles, relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio innovador.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.	PE	100
CA3.3 - Xestionar eficazmente a información e facilitar o proceso de toma de decisións a partir da información obtida, tanto no ámbito interno como externo da empresa, aplicando estratexias e novas fórmulas comunicativas.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.		
CA3.4 - Seleccionar estratexias de comunicación aplicadas ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas comunicativas que faciliten a xestión eficaz da información e a súa transmisión.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.		
CA4.1 - Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia, comprendendo todo o proceso levado a cabo e aplicando técnicas de	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.		
CA4.4 - Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa, establecendo as liñas de actuación en materia de protección de idea, produto e marca.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A función comercial. Segmento de clientes. A proposta de valor. Canles. Relacións con clientes. Fontes de ingresos. Estratexias de márketing. - O punto de vista dos clientes: mapa de empatía. - O prototipado: concepto e utilidade. Posibilidades de prototipado: bens, servizos e aplicacións. - A validación do modelo de negocio. Lean Startup. Desenvolvemento de clientes. Desenvolvemento de produto áxil. - A protección da idea, do produto e da marca.

UD	Título da UD	Duración
6	O marketing	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Analizar as características do mercado, explicando, de acordo con elas, a proposta de valor, canles, relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio innovador.	Identificar e interpretar as diferentes estratexias de marketing. Aplicar criterios e estratexias de segmentación de mercados, polo menos nun 50% das localizacións propostas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A función comercial. Segmento de clientes. A proposta de valor. Canles. Relacións con clientes. Fontes de ingresos. Estratexias de márketing.

UD	Título da UD	Duración
7	A produción da empresa	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade, definindo o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.	PE	100
CA4.2 - Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A función produtiva. Proceso produtivo. Eficiencia e produtividade. Actividades clave. Recursos clave. Asociacións clave. Estrutura de custos: clasificación e cálculo de custos. - A avaliación previa de modelos de negocio: análise DAFO, análise previsional de ingresos e custos e o limiar de rendibilidade.

UD	Título da UD	Duración
8	A función financeira e de investimento.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Analizar e tomar decisións sobre investimento e financiamento, aplicando métodos de selección de investimentos e recoñecendo as vantaxes e inconvenientes das distintas fontes de financiamento empresarial.	Identificar as posibilidades de financiamento das empresas. Aplicar a proxectos sinxelos distintos métodos de selección de investimentos e interpretar os resultados acadados.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A función financeira. Estrutura económica e financeira. Investimento. Valoración e selección de investimentos. Recursos financeiros. Análise de fontes alternativas de financiamento interno e externo.

UD	Título da UD	Duración
9	A contabilidade	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Analizar e explicar a situación económico-financiera da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.	PE	100
CA4.5 - Valorar a situación económico-financiera da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A información na empresa: obrigas contables. Composición e valoración do patrimonio. Contas anuais e imaxe fiel. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.
- Fiscalidade empresarial: principais tributos que gravan a actividade empresarial.
- A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.

UD	Título da UD	Duración
10	A información na empresa e a fiscalidade empresarial.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Analizar e explicar a situación económico-financeira da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.	PE	100
CA4.5 - Valorar a situación económico-financeira da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A información na empresa: obrigas contables. Composición e valoración do patrimonio. Contas anuais e imaxe fiel. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias. - Fiscalidade empresarial: principais tributos que gravan a actividade empresarial. - A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.

UD	Título da UD	Duración
11	A xestión dos recursos humanos.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as distintas políticas empresariais de xestión, contratación e formación de recursos humanos, valorando e recoñecendo as actuacións das empresas en materia de igualdade e inclusión.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A xestión dos recursos humanos. Formación e funcionamento de equipos áxiles. Habilidades que demanda o mercado de traballo. A contratación e as relacións laborais da empresa. As políticas de igualdade e de inclusión nas empresas.

UD	Título da UD	Duración
12	Simulación dun modelo e plan de negocio.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Seleccionar estratexias de comunicación aplicadas ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas comunicativas que faciliten a xestión eficaz da información e a súa transmisión.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.	TI	100
CA3.5 - Coñecer as ferramentas necesarias que permitan expoñer o proxecto de modelo de negocio, despertando o interese e cativando os demais coa proposta de valor presentada.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.		
CA4.3 - Elaborar un plan de negocio básico sobre un escenario simulado concreto, xustificando as decisións tomadas.	Identificar de xeito escrito, polo menos, un 50% das localizacións propostas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A competencia e os nichos de mercado. - As ferramentas de presentación dun proxecto ou idea. Metodoloxía: narración de historias ou storytelling e o discurso no ascensor ou elevator pitch. Outras metodoloxías. - A toma de decisións. Estratexias. Simulación en folla de cálculo. Redacción dun plan de negocios básico.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumnado é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os principios e orientacións pedagóxicas do Decreto 157/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A selección de recursos didácticos e situacións de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicións persoais e necesidades específicas do alumnado.

Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías.

Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas.

Exporanse os obxectivos das tarefas propostas, proporcionando guías de traballo. No estudo de casos, aplicaranse procedementos que permitan verificar os pasos seguidos dende a formulación ata o resultado final.

Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.

Proporanse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos. Resulta fundamental promocionar a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais.

Ao inicio de cada unidade didáctica exporanse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora. Deseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas para autoavaliación ou coavaliación do alumnado.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo

ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).

- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Aula virtual do centro en webs dinámicas.
Software específico libre.
Plans, proxectos e programas de centro.
Aula de informática.
Biblioteca.
Actividades complementarias.
Servizo de videoconferencia: Eduxunta Webex, Falemos Edu.

Empregarase o libro de texto de descarga gratuita "Empresa y Diseño de modelos de negocio" de Econosublime. Requírese que o alumnado o teña impreso para o seu manexo na aula día a día. Facilitarase un exemplar completo que se deixa na fotocopiadora do Instituto para que, no caso de que o desexen, o adquiren na centro.

Espazo dixital de traballo que permite dispoñer dun espazo web online (aula virtual do IES LUCUS AUGUSTI) para organizar os contidos das unidades didácticas, documentos e enlaces a outros recursos dixitais; espazo de intercambio e comunicación entre profesorado e alumnado (foros e mensaxería), e de avaliación, seguimento e recuperación (realización de tarefas, cuestionarios, probas ensaio ...).

Plataformas de videoconferencia que permiten ao docente interactuar en tempo real co alumnado: compartindo contidos e facilitando a exposición dos mesmos, facendo cuestionarios e exercicios en tempo real e de xeito colaborativo...

Desenvolvemento de actividades de promoción da lectura no ámbito económico.

Desenvolvemento de actividades nos plans, proxectos e programas nos que participa o centro, vinculados aos contidos da materia, fomentando o traballo dos elementos transversais.

O acceso á aula de informática é imprescindible para o desenvolvemento dos contidos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa. Formularase como proba oral e conxunta co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado. Permitirá que o alumnado recoñeza contidos base para o inicio do proceso de ensino-aprendizaxe.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	5	5	5	9	10	13	14	9
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	100
Proba escrita	100	0	90
Táboa de indicadores	0	100	10

Criterios de cualificación:

Cualificación de cada avaliación parcial:

Realizaranse dúas probas escritas en cada avaliación. A primeira proba versará sobre as dúas primeiras unidades didácticas e na segunda proba incluíranse as catro unidades previstas para o trimestre.

A cualificación de cada trimestre calcularase como media ponderada das cualificacións obtidas nas probas mencionadas e determinadas pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos. A primeira proba representa o 30% e a segunda representa o 70% da nota da avaliación.

O alumnado poderá subir nota presentándose ás mesmas probas que se convocarán, no seu caso, para superar as avaliacións parciais. A nota que obteña nas mencionadas probas será a que se utilizará para o cálculo da media da avaliación. A presentación a estas probas supón a entrega do examen para a súa valoración.

A nota de cada avaliación é numérica exacta, non haberá redondeo nas notas das avaliacións parciais, e préscíndese, polo tanto, dos decimais resultantes ata a avaliación ordinaria.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Cualificación avaliación ordinaria:

Calcularase como media ponderada das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar redondeo.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha avaliación parcial, será convocado a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. A cualificación obtida substitúe á anterior. Ademais, abríranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.

O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (PE), que versará sobre os contidos específicos das avaliacións suspensas. A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media das cualificacións das avaliacións parciais superadas e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non

superadas, sen aplicar o redondeo. Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación. Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa mínimo 5.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo estableza a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acadada una cualificación mínima de 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixida a alumnado con altas

capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. .

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.		X		X		X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.		X		X		X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.		X		X		X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.		X		X		X	X	X
ET.5 - Creatividade.		X				X	X	
ET.6 - Emprendemento social e empresarial.		X		X		X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico.		X		X		X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores.		X		X		X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero.		X		X		X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora.		X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.		X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.		X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.		X	X	X
ET.5 - Creatividade.				X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial.		X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico.		X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores.		X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero.		X	X	X

Observacións:

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións.	Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.
Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación, en función das súas necesidades.

Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
Metodoloxía empregada
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquiredanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas.
Medidas de atención á diversidade
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ao currículo do alumnado
Clima de traballo na aula
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.
Establece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.

Outros
Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.
Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.

Descrición:

Tal e como establece a normativa, O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes. Tales indicadores consisten nunha serie de elementos que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia a cada grupo e nas reunións mensuais de departamento. O informe de seguimento require indicar o número de sesións empregadas en cada unidade didáctica, grao de cumprimento, propostas de mellora e observacións.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar co fin de introducir as modificacións que sexan precisas.

O informe de seguimento facilitará a redacción da Memoria Final.

Ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados

